



PROGRAMACIÓN  
4º  
EDUCACIÓN  
PRIMARIA

CEIP O COTO

2020-2021

**PROGRAMACIÓN 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
CEIP O COTO ( NEGRERIA)  
CURSO20/21**

**Profesorado: M<sup>a</sup> Nieves Rodríguez Ons 4º A**

**Susana Rubal Pastor 4º B**

**M<sup>a</sup> Teresa Bercero Redondo 4º C**

**Natalia Veiga Feraández Inglés**

**Manuel Sanmartín Malvárez Música**

**Manuel Ángel Jorge Furelos Relixión Católica**

**Celestino Caramés Gorgal Educación Física**

## ÍNDICE

Introdución e contextualización .....	pax 4
Aprendizaxes imprescindibles non acadados no curso 19-20 e procedementos para a súa integración na programación.....	pax 6
Outros aspectos incorporados na programación.....	pax 9
Obxectivos para o 4º curso de Educación Primaria .....	pax 10
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave e mínimos esixibles .....	pax 12
Actividades .....	pax 88
Metodoloxía .....	pax 178
Instrumentos de avaliación .....	pax 179
Procedementos de avaliación .....	pax 219
Indicadores para a avaliación inicial .....	pax 224
Medidas de atención a diversidade .....	pax 228
Concreción dos elementos transversais do currículo .....	pax 224
Materiais didácticos .....	pax 230
Actividades complementarias e extraescolares .....	pax 231
Procedementos e indicadores.....	pax 232

Programación de lingua estranxeira inglés .....	pax 237
Programación de música .....	pax 279
Programación de Relición Católica .....	pax 302
Programación de Educación Física .....	pax 334

## **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

CEIP O Coto é un centro público, de Infantil e Primaria, de carácter semiurbán que iniciou o seu funcionamento a finais do ano 1975. Este centro educativo atópase no Concello de Negreira, na bisbarra natural do Val de Barcala. Ten un núcleo poboacional importante, co mesmo nome que é a capital municipal .

Negreira, asentada sobre o val do río Barcala, está dividida en 18 parroquias: Alvite , Aro, Arzón, Broño, Bugallido, Campelo, Campolongo, Covas, Gonte, Landeira, Liñaio, Logrosa, Lueiro, Negreira, A Pena, Portor, Xallas e Zas.

A base económica do municipio de Negreira aséntase no sector servizos. Cabe resaltar a importancia dunha forte tradición comercial, baseada no pequeno comercio, e na feira, que se celebra tódolos domingos e na que se instalan numerosos postos ambulantes con diferentes produtos ,tanto agrícola-gandeiros como téxtiles constituíndo un motor importante para a economía local.

O crecemento poboacional experimentado nos últimos anos pola cabeceira da comarca está moi relacionado coa urbanización da vila na que se instalan cidadáns de concellos limítrofes e de zonas rurais, polo que a evolución demográfica é positiva ,gañando poboación en detrimento da perda que sofre a zona rural que alberga as diferentes parroquias. O concello na actualidade ronda os 7.000 habitantes. O asentamento de persoas inmigrantes contribúe a aumentar este número poboacional, aínda que en termos xerais non supera o 2,5% da poboación total. Todos estes factores ,fará que o centro CEIP O COTO, albergue alumnado de diversas orixes o que redonda no enriquecemento cultural. A lingua materna predominante do alumnado é, na súa maior parte, o galego, aínda que os residentes na vila son casteláns falantes.

O 4º nivel de Educación Primaria consta de 3 aulas con 19 alumnos e alumnas cada unha . Imparten clase neste nivel o seguinte profesorado:

Nieves Rodríguez Ons	Titora 4º A
Susana Rubal Pastor	Titora 4ºB
Mª Teresa Bercero Redondo	Titora 4ºC
Natalia Veiga Fernández	Especialista en Inglés
Celestino Caramés Gorgal	Especialista en EF
Manuel Sanmartín Malvárez	Especialista en E Musical
Manuel Ángel Jorge Furelos	Mestre de Relixión Católica

## **APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ACADADOS NO CURSO 19/20**

Debido a situación pola que atravesamos o curso pasado reflectimos na seguinte táboa os aprendizaxes non acadados polo noso alumnado e os procedementos polos que se van incorporar ao currículo este curso. Debemos ter en conta que o alumnado continúa coa mesma titora, polo que se fai máis doado coñecer os reforzos necesarios en cada contido

### **ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS E NATURAIS**

- . As pegadas da nosa historia: duración e datación dos feitos históricos máis significativos da contorna e de Galicia. Representación do tempo histórico a través de liñas do tempo.
- A Prehistoria. A cultura castrexa en Galicia.
- A escritura como fonte histórica.
- Idade Antiga en Galicia. A romanización.
- Vestixios do pasado localizados na contorna próxima como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da contorna actual. Os petróglifos e a arquitectura megalítica, castrexa e medieval.
- O noso patrimonio natural, histórico e cultural. Os espazos protexidos.
- Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade.
- Análise de operadores e emprego na construción dun aparello.
- Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas
- A electricidade no desenvolvemento das máquinas.
- Elementos dos circuitos eléctricos.
- Efectos da electricidade.
- Condutores e illantes.
- A relación entre electricidade e magnetismo.

- A ciencia: presente e futuro da sociedade.
- Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos.
- Importantes descubrimentos e inventos.
- Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela.
- Manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico, superando estereotipos sexistas.
- Prevención de riscos no emprego de máquinas de uso cotián.

Os contidos das áreas de ciencias sociais e naturais serán introducidos cos temas correspondente de 4º, facendo unha introdución ao principio de cada tema. tendo en conta coñecementos previos que non teñan adquiridos e sexan necesarios para o desenvolvemento dos contidos.

### **ÁREA DE LENGUA CASTELLANA E LINGUA GALEGA E LITERATURA**

- Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.
- Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias.
- Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel.
- Tempos verbais: presente, pasado e futuro.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.

Os contidos destas áreas serán tratados de xeito paralelo aos de 4º de primaria, introducindo a explicación cando sexa necesaria.



## ÁREA DE MATEMÁTICAS

- ◆ Expresión e forma simple dunha medición de lonxitude, capacidade, masa ou peso.
- ◆ Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
- ◆ Realización de medicións.
- ◆ Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa ou peso.
- ◆ .Unidades de medida do tempo e as súas relación.
- ◆ Lectura en reloxos analóxicos e dixitais.
- ◆ Cálculos con medidas temporais.
- ◆ O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.
- ◆ Múltiplos e submúltiplos do euros.
- ◆ Clasificación de polígonos. Lados e vértices.
- ◆ Composición e descomposición de polígonos.
- ◆ Clasificación de figuras e corpos xeométricos utilizando diversos criterios.
- ◆ Figuras xeométricas. Elementos básicos: lado, vértice, base, diagonal, ángulo e eixes de simetría.
- ◆ A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro.
- ◆ Corpos xeométricos: recoñecemento de prismas, pirámides e corpos redondos. Elementos básicos de poliedros: caras, vértices e arestas.
- ◆ Comparación e clasificación de ángulos: rectos, agudos, obtusos.
- ◆ Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.
- ◆ Representación elemental de espazos coñecidos: planos e maquetas.
- ◆ Descrición de posicións e movementos nun contexto topográfico.
- ◆ As liñas como percorrido: rectas e curvas, intersección de rectas e rectas paralelas.
- ◆ Perímetro das figuras planas. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.

A maioría dos contidos da área de matemáticas corresponden ao bloque de xeometría. Estes contidos serán tratados no 1º trimestre xa que os contidos de 4º de primaria correspóndense co cálculo e numeración polo que constitúen practicamente un repaso, dado que ao longo do confinamento o que fixemos foi repasar e profundizar sobre estes contidos de 3º. Ao final de cada unha das 3 unidades previstas para o primeiro trimestre anexíoráanse contidos de xeometría correspondentes ao 3º curso. Nos contidos relativos a medida incorpóranse nas unidades pertinentes tomando como punto de partida os contidos de 3º.

## **OUTROS ASPECTOS INCORPORADOS NA PROGRAMACIÓN**

- 1- Neste curso a materia de libre configuración ( robótica) foi suspendida e no seu lugar incorporouse 1 hora de informática semanal, impartida por profesorado do grupo. Dado que non se pode levar a todo o alumnado ao mesmo tempo por cuestión de ratio a clase é quincenal e o resto do grupo realiza tarefas de reforzo coa mestra titora.
- 2- Redúcense os currículos adaptando o horario de flexibilización de entrada e saída.
- 3- Adoptaranse medidas de reforzo individual no caso de que sexa necesario.
- 4- Na hora de informática realizaranse, entre outras, actividades para o manexo da aula virtual por parte do alumnado.

## **OBXECTIVOS PARA 4º CURSO DE PRIMARIA**

- 1) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas.
- 2) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- 3) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- 4) Coñecer e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- 5) Coñecer e utilizar de forma adecuada á súa idade a lingua galega e a lingua castelá, e comezar a desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- 6) Comezar a adquirir en lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- 7) Afondar no desenvolvemento das competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás

situacións da súa vida cotiá.

- 8) Coñecer algúns aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- 9) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- 10) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas.
- 11) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- 12) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- 13) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- 14) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- 15) Coñecer, apreciar e valorar algunhas singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia.

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES.

ÁREA	CA	EA	C Clave	Mínimo exigible
C DA NATUREZA	B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.	CAA, CCL, CMCCT, CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>Busca, selecciona e organiza información relacionada coa unidade a partir de textos, imaxes e gráficos para completar as súas actividades e responder preguntas de forma adecuada, comunicando dicha información oralmente e/o por escrito.</li> </ul>
	B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.	CCL, CMCCT, CD	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa en soporte papel o dixital.</li> </ul>
	B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	CNB1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA, CMCCT, CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas y ten iniciativa na toma de decisións.</li> </ul>
	B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	CNB1.1.4. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.	CAA, CMCCT, CD	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comprende e interpreta información de documentos escritos, imaxes, gráficos.</li> <li>Extrae conclusións axeitadas que aplica nos seus traballos e exposicións de clase.</li> </ul>
	B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema	CNB1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre	CAA, CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>Relaciona a información entre sí</li> </ul>

ÁREA	CA	EA	C_Clave	Mínimo exigible
	formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.		e cos seus coñecementos previos.
	B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.	CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.	CAA, CMCCT, CSIEE	
	B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.	CNB1.2.2. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.	CMCCT, CCL	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utiliza axeitadamente o vocabulario nas súas exposicións e traballos.</li> </ul>
	B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.	CNB1.3.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CAA, CMCCT, CSC, CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>Emprega estratexias na execución das tarefas individuais como en equipo</li> </ul>
	B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.	CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñece e nomea os principais órganos do corpo que interveñen na nutrición, a relación e a reprodución; e os relaciona coas actividades que realizan.</li> <li>Identifica e describe as características e funcións dos órganos dos sentidos</li> <li>Identifica, explica e asume hábitos saudables para o organismo e identifica e explica prácticas para prever riscos e</li> </ul>
	B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.	CMCCT , CCL	
	B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	CNB2.2.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.	CMCCT, CSC	

ÁREA	CA	EA	C_Clave	Mínimo exigible
	B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	CNB2.2.2 Identifica e valora as súas habilidades persoais.	CSC, CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprende a necesidade do cuidado do corpo humano para sentirse saudable.</li> <li>• Identifica e valora as súas habilidades persoais.</li> </ul>
	B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	CNB2.2.3. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.	CMCCT	
	B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	CNB2.2.4. Planifica, de forma autónoma e creativa, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo.	CAA, CSC	
	B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	CNB2.3.1. Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.	CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diferencia alimentos segundo os seus nutrientes.</li> </ul>
	B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	CNB2.3.2. Identifica sistemas de conservación alimentaria.	CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece distintas formas de conservar os alimentos.</li> </ul>
	B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	CNB2.3.3. Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.	CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explica os principios dunha dieta equilibrada e elabora un menú equilibrado na escola.</li> </ul>
	B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.	CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica, clasifica e explica características fundamentais dos seres vivos(animais, plantas) segundo diversos criterios</li> <li>• Describe características principais de animais invertebrados e identifica animais</li> </ul>
		CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con	CMCCT	

ÁREA	CA	EA	C_Clave	Mínimo exigible
		criterio científico.		dentro deste grupo.
	B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.	CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.	CMCCT, CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>Describe características principais de animais vertebrados e identifica animais dentro deste grupo.</li> <li>Recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno.</li> </ul>
	B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.	CNB3.1.4. Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.	CMCCT, CCL	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identifica y describe algúns ecosistemas mostrando respecto polos seres vivos e valorando a importancia e necesidade do medio natural.</li> </ul>
	B3.2. Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	CNB3.2.1. Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.	CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.</li> </ul>
	B3.2. Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	CNB3.2.2. Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.	CMCCT, CCL, CSIEE, CD	<ul style="list-style-type: none"> <li>Mostra precisión e rigor na observación e presentación dos traballos.</li> </ul>



ÁREA	CA	EA	C_Clave	Mínimo exigible
	resultados, empregando soportes textuais variados.			
	B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	CNB4.1.1. Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.	CMCCT, CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñece a relación da enerxía cos cambios que produce na vida cotiá.</li> </ul>
	B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.	CMCCT, CCL, CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece algunhas características e propiedades do aire.</li> <li>Coñece como preservar o entorno.</li> </ul>
	B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	CNB4.1.3. Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.	CMCCT, CSC	
	B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.	CNB4.2.1. Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz.	CMCCT, CCL	<ul style="list-style-type: none"> <li>Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz.</li> </ul>
	B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.	CNB4.2.2. Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións.	CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñece a relación entre a forza e o movemento ou deformación dun corpo.</li> </ul>
	B4.3. Realizar experiencias con mesturas sinxelas de substancias relacionadas coa	CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián	CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>Compara densidades de diferentes substancias de uso</li> </ul>

ÁREA	CA	EA	C_Clave	Mínimo exigible
	vida doméstica e do contorno e achegar conclusións sobre os resultados.	con respecto á auga e presenta conclusións en diferentes soportes.		cotián con respecto á auga.
	B4.3. Realizar experiencias con mesturas sinxelas de substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno e achegar conclusións sobre os resultados.	CNB4.3.2. Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.	CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza mesturas de uso cotián, separa os seus compoñentes e interpreta adecuadamente os resultados.</li> </ul>
	B4.3. Realizar experiencias con mesturas sinxelas de substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno e achegar conclusións sobre os resultados.	CNB4.3.3. Separa compoñentes dalgunhas mesturas de uso cotián presentando conclusións sobre os resultados.	CMCCT	
	B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotián.	CNB5.1.1. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotián, analizando o seu funcionamento.	CMCCT, CSC, CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece e explica usos e aplicacións das máquinas na vida cotián.</li> <li>Coñece a enerxía empregada polas máquinas de uso habitual.</li> <li>Valora os avances tecnolóxicos para o desenvolvemento humano.</li> <li>Identifica oficios polas ferramentas ou máquinas que se empregan.</li> <li>Fabrica, empregando os materiais axeitados, un obxecto ou estrutura sinxela que cumpra unha función simple e que sirva para demostrar un argumento u obxectivo científico.</li> </ul>
	B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotián.	CNB5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotián.	CMCCT, CCL	
	B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.	CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.	CMCCT, CCL, CSC	
	B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.	CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...	CMCCT, CAA, CCEC, CD, CSIEE	

ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimo esixible
C SOCIAIS	B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	CAA, CD, CMCCT, CCL	*Elaborar un guión de traballo *Busca de información para desenvolver o guión.
	B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	CSIEE, CAA	* É autónomo para a organización e realización de tarefas. * É responsable do traballo.
	B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	CAA, CCL, CMCCT	Presenta os traballos orais e escritos de xeito ordenado, claro e limpo.
	B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC, CAA	* Realiza as actividades en grupo cumprindo as normas de convivencia e participación.

ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimo esixible
	cooperación, participación e respecto cara aos demais.			
	B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	CSB1.2.2.Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	CSC, CAA	* Participa de forma cooperativa e construtiva en debates e postas en común.
	B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	CSB1 3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	CCL, CAA, CMCCT, CSC	*Emprega o vocabulario básico das Ciencias Sociais.
	B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.	CCL, CMCCT, CSC, CAA	*Realiza exposicións orais relacionadas coa área.
	B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes	CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da	CCL, CD, CMCCT, CSC	*Interpreta gráficas, esquemas, mapas, textos...

ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimo esixible
	recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	información e a comunicación.		
	B2.1.Coñecer a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e analizar as súas influencias e consecuencias no medio que o rodea.	CSB2.1..1 Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias.	CMCCT, CAA , CCL	*Analiza as consecuencias dos movementos das placas tectónicas.
	B2.2.Explicar e comparar as distintas formas de representar a superficie terrestre identificando os polos, o eixe e os hemisferios e analizar cal delas reflicte mellor a realidade á que representa.	CSB2.2.1.Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios.	CMCCT, CCL, CAA	* Diferencia planos, mapas, planisferios e globo terráqueo. * Señala os polos, o ecuador e os hemisferios.
	B2.3. Identificar e manexar os conceptos de paralelos, meridianos e coordenadas xeográficas para localizar determinados puntos da Terra.	CSB2.3.1. Localiza diferentes puntos da Terra empregando os paralelos e meridianos e as coordenadas xeográficas.	CMCCT, CAA	* Sitúa nun mapa un lugar dadas as súas coordenadas.
	B2.4.Diferenciar correctamente entre planos, mapas, planisferios, mapas físicos e políticos, analizar e describir as características máis relevantes de cada un e interpretar a súa escala e signos convencionais básicos de cara a orientarse nun espazo determinado e á elaboración dun itinerario empregando as TIC.	CSB2.4.1.Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel.	CMCCT, CAA	*Diferencia mapas físicos e políticos. *Interpreta e sitúa os signos dun mapa físico e dun mapas político. *Utiliza googlemaps para facer itinerarios.
	B2.5.Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu	CSB2.5.1.Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de	CMCCT,	*Define tempo atmosférico. *Enumera os instrumentos de medida

ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimo esixible
	uso, realizar medicións e interpretacións de gráficos a través dos datos recollidos nunha estación meteorolóxica de cara a facer unha predición do tempo atmosférico para un período de tempo determinado e a comunicación deste empregando mapas do tempo.	medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico.	CCL, CAA	do tempo atmosférico. * Interpreta os datos do tempo recollidos con diferentes instrumentos.
	B2.5.Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu uso, realizar medicións e interpretacións de gráficos a través dos datos recollidos nunha estación meteorolóxica de cara a facer unha predición do tempo atmosférico para un período de tempo determinado e a comunicación deste empregando mapas do tempo.	CSB2.5.2.Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función e confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións.	CMCCT, CCL , CAA, CD	* Enumera os elementos básicos dunha estación meteorolóxica. * Representa en gráficos os datos de temperatura e precipitacións recollidos na estación.
	B2.5.Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu uso, realizar medicións e interpretacións de gráficos a través dos datos recollidos nunha estación meteorolóxica de cara a facer unha predición do tempo atmosférico para un período de tempo determinado e a comunicación deste empregando mapas do	CSB2.5.3.Interpreta e elabora sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais.	CMCCT	* Representa o tempo atmosférico nun mapa cos signos convencionais.

ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimo esixible
	tempo.			
	B2.6.Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes as partes dun río do medio próximo.	CSB2.6.1.Define hidrosfera, e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas.	CMCCT, CCL, CSC	* Define hidrosfera. * Diferencia océanos, mares, lagos ríos e afluentes. * Explica a formación e aproveitamento das augas subterráneas.
	B2.6.Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes as partes dun río do medio próximo.	CSB2.6.2.Diferencia cuncas e vertentes hidrográficas.	CMCCT, CCL	* Explica as diferenzas entre cunca e vertente hidrográfica.
	B2.6.Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes as partes dun río do medio próximo.	CSB2.6.3.Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles.	CMCCT, CCL, CAA	* Señala nun esquema as partes dun río e as características de cada unha.
	B2.7.Adquirir o concepto de litosfera, coñecer algúns tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunha das súas propiedades e usos. Facer especial fincapé nos que son propios de Galicia	CSB2.7.1.Observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos.	CMCCT, CCL	* Clasifica rochas segundo a súa composición.
	B2.7.Adquirir o concepto de litosfera, coñecer	CSB2.7.2.Identifica e explica as	CMCCT,	* Diferencia rochas e minerais.

ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimo esixible
	algúns tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunha das súas propiedades e usos. Facer especial fincapé nos que son propios de Galicia	diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades.	CCL	* Clasifica minerais segundo a súa utilidade.
	B2.8.Describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia e as súas vertentes hidrográficas.	CSC, CAA	* Sitúa nun mapa físico as serras e as vertentes hidrográficas.
	B2.8.Describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2. 8.2 Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.	CSC, CAA	* Sitúa no mapa de Galicia océano, mar e ríos.
	B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible a través da realización dunha campaña de concienciación no centro educativo.	CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	CSC, CCL	* Propón cinco medidas para o coidado do medio ambiente. * Enumera cinco consecuencias do maltrato á natureza.
	B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible a través da realización dunha campaña de concienciación no centro educativo.	CSB2.9.2. Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.	CSC, CCL	* Refire cinco medidas para o crecemento sostible e o consumo responsable.
	B3.1.Analizar a importancia que teñen os dereitos, deberes e liberdades recollidos na Constitución para o exercicio dunha cidadanía activa e unha convivencia pacífica.	CSB3.1.1.Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da	CSC, CCL	* Identifica a constitución como fonte de dereitos e deberes. * Valora a existencia da constitución.



ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimo esixible
		ciudadanía activa e convivencia pacífica.		
	B3.2. Identificar as principais institucións políticas de Galicia e do Estado español que se derivan da Constitución, así como as súas funcións.	CSB3.2.1. Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións.	CSC, CCL	* Enumera as principais institucións do Estado e da Autonomía.
	B3.2. Identificar as principais institucións políticas de Galicia e do Estado español que se derivan da Constitución, así como as súas funcións.	CSB3.2.2. Identifica a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.	CCL, CSC	* Relaciona cada institución coas súas atribucións. * Define o concepto: división de poderes.
	B3.3. Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos	CSB3.3.1 Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.	CCL, CSC	* Explica a organización territorial de España. * Sitúa no mapa as CC. AA.
	B3.4. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.	CSB3.4.1. Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	CSC, CCL	* Localiza no mapa as CC.AA. Con idioma propio. * Valora a riqueza cultural e patrimonial de España.
	B3.5. Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partires dos datos de poboación.	CSB3.5.1. Define demografía e comprende os principais conceptos demográficos.	CCL, CSC	* Define demografía. * Explica os seus conceptos básicos: natalidade, mortalidade.

ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimo esixible
	B3.5.Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partires dos datos de poboación.	CSB3.5.2.Elabora gráficos sinxelos a partires de datos demográficos de obtidos en diversas fontes de información.	CMCCT, CAA	* Elabora unha pirámide de poboación con datos sinxelos.
	B3.6. Coñecer e respectar as normas de circulación e fomentar a seguridade viaria en todos os seus aspectos.	CSB3 6.1.Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas.	CSC, CCL	* Enumera as normas básicas de circulación e as consecuencias do seu incumprimento.
	B3.6. Coñecer e respectar as normas de circulación e fomentar a seguridade viaria en todos os seus aspectos.	CSB3 6.2.Coñece o significado dalgunhas sinais de tráfico, recoñece a importancia de respectalas e as utiliza tanto como peón ou peoa e como persoa usuaria de medios de transporte (abrochase o cinto, non molestar a persoa condutora...)	CSC, CCL	* Recoñece as principais sinais de tráfico. * Valora as consecuencias dun bo e mal comportamento dos usuarios das vías públicas.
	B4.1.Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	CSB4.1.1.Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final.	CSC, CMCCT, CCL	* Diferencia Prehistoria e Historia. * Indica os acontecementos que marcan o inicio e fin de cada etapa da Historia.

ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimo esixible
	B4.1.Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	CSB4.1.2.Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.	CSC, CCEC, CCL	* Explica os cambios producidos coa aparición da escritura, a agricultura e a gandería.
	B4.2.Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia.	CSB4.2.1.Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o noso pasado, con especial relevancia da escritura.	CSC, CMCCT, CAA	* Valora a importancia das fontes históricas.
	B4.3.Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.	CSB4.3.1.Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C	CMCCT, CSC	* Organiza consecutivamente distintos feitos históricos situándoos antes ou despois de Cristo.
	B4.3.Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.	CSB4.3.2.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	CSC, CMCCT, CAA	* Sitúa no tempo feitos históricos. * Analiza as consecuencias dun feito histórico.

ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimo esixible
	B4.4. Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución e coñecer os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.	CSB4.4.1. Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas.	CMCCT, CSC, CCEC, CCL	* Organiza feitos da Historia de España no tempo. * Relaciona cada momento histórico cunhas determinadas características.
	B4.4. Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución e coñecer os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.	CSB4.4.2. Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.	CCEC, CSC, CCL	Relaciona fotografías coas distintas etapas da historia.
	B4.4. Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución e coñecer os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.	CSB4.4.3. Explica a diferenza dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas.	CSC, CCEC, CCL	* Diferencia os dous períodos da Prehistoria. * Enumera as características básicas de cada etapa.
	B4.4. Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución e coñecer os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.	CSB4.4.4. Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización.	CMCCT, CSC, CCEC	* Explica a forma de vida dos romanos na península.
	B4.5. Desenvolver a curiosidade por coñecer	CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta	CSC,	* Valora o patrimonio da comunidade e

ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimo esixible
	as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	CCEC	do estado.
	B4.6. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	CSB4.6.1. Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.	CSC, CCEC	* Asume as normas de comportamento na visita a lugares, localidades, museos...

ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimos esixibles
EA PLÁSTICA	B1.1. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	EPB1.1.1. Analiza, de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada, imaxes fixas atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz, función, ... ).	CCEC, CCL, CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpreta imaxes tendo en conta o seu tamaño, formato e elementos básicos.</li> </ul>
	B1.1. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e	EPB1.1.2. Elabora carteis con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio,	CCL, CAA, CCEC, ,	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elabora carteis informativos de imaxes e texto.</li> </ul>

ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimos esixibles
	históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada á súa función.		
	B1.1. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	EPB1.1.3. Secuencia unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón do cómic.	CCEC, CCL, CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Debuxa viñetas para completar a secuencia dunha historia, empregando bocadillos de texto.</li> </ul>
	B1.1. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	EPB1.1.4. Interpreta e comenta, de forma oral e escrita, o contido das imaxes dunha obra artística concreta.	CCL, CCEC, CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpreta os contidos dunha obra artística.</li> </ul>
	B1.2. Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e as técnicas básicas das obras plásticas, e expresar as súas diferenzas.	EPB1.2.1. Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal.	CCEC, CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe o que quere expresar e elixe os materiais e instrumentos axeitados para conseguilo.</li> </ul>
	B1.2. Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e	EPB1.2.2. Clasifica texturas, formas e cores, atendendo a distintos criterios	CCEC, CCL	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Clasifica texturas, formas e cores.</li> </ul>

ÁREA	CA	EA	C clave	Mínimos esixibles
	as técnicas básicas das obras plásticas, e expresar as súas diferenzas.	(similitude, diferenza, tacto, dureza etc.)		
	B1.2. Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e as técnicas básicas das obras plásticas, e expresar as súas diferenzas.	EPB1.2.3. Identifica a influencia dos fondos de cor.	CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece a influencia da cor no fondo dunha imaxe.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1T</li> <li>▪ 2ºT</li> <li>▪ 3ºT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Non cuantificable</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TODAS AS UNIDADES</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1ºT</li> <li>▪ 2ºT</li> <li>▪ 3ºT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Non cuantificable</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TODAS AS UNIDADES</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1ºT</li> <li>▪ 2ºT</li> <li>▪ 3ºT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Non cuantificable</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TODAS AS UNIDADES</li> </ul>

## 9 RELACIONAR UNIDADES DIDÁCTICAS CO CURRÍCULO

UNIDADE DIDÁCTICA	TRIMESTRE	RELACIÓN COS OBXECTIVOS	RELACIÓN CON OUTRAS MATERIAS
<b>0.WELCOME BACK TO THE TIGER STREET CLUB!</b>	1º trimestre	a, b, c, f, g, m	Matemáticas Linguas Música
<b>1.A NEW SCHOOL YEAR</b>	1º trimestre	a, b, c, f, g, m	Matemáticas Linguas Música
<b>X. HALLOWEEN</b>	1º trimestre	a, b, c, d, f, m	Música Plástica
<b>2.DESCRIBING PEOPLE</b>	1º trimestre	a, b, c, f, m	Linguas Música
<b>X.CHRISTMAS</b>	1º trimestre	a, b, c, d, f, h, j, m	Ciencias Sociais Linguas Plástica
<b>3.AROUND THE TOWN</b>	2º trimestre	a, b, c, f, g, h, m	Matemáticas Ciencias Sociais Música
<b>X.VALENTINE'S DAY</b>	2º trimestre	a, b, c, d, f, j, m	Plástica Música
<b>4.JOBS AND ROUTINES</b>	2º trimestre	a, b, c, f, h, m	Ciencias Sociais Música
<b>5.THINGS WE LIKE DOING</b>	3º trimestre	a, b, c, f, h, j, m	Ciencias Sociais Música
<b>6.IN THE COUNTRYSIDE</b>	3º trimestre	a, b, c, f, h, m	Ciencias Naturais

			Música
<b>7.TIGER STREET CLUB REVIEW</b>	3º trimestre	a, b, c, f, h, i, j, m	Ciencias Sociais Música

## 10 CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Procedementos de avaliación
<b>BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprende o sentido global e a información esenciais de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PO</li> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprende os puntos principais en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PO</li> <li>▪ OD</li> </ul>

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Procedementos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica a información máis relevante en interaccións orais que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PO</li> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.5. Amosa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Amosa interese e respecto polas intervencións orais alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> <li>▪ AP</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Amosa unha actitude de escoita atenta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Esfórzase en reproducir textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Procedementos de avaliación
conversas telefónicas ou dramatizacións).	ou dramatizacións).	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas aportacións do seus compañeiros/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Manifesta interese e respecto polas aportacións do seus compañeiros/as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.8. Aмосa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aмосa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.9. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> <li>▪ AP</li> <li>▪ PO</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.3. Aмосa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aмосa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Procedementos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLB3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLB3.5. Iníciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Iníciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLB3.6. Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.9. Aмосa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Escribe frases sinxelas e curtas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AP</li> <li>▪ PE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Completa conversas sinxelas, seguindo un patrón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AP</li> <li>▪ PE</li> </ul>



Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Procedementos de avaliación
16) PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos).	17)	18) AP 19) PE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Completa un formulario en liña cos seus datos persoais (nome, apelido, idade...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AP</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar, seguindo un modelo dado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AP</li> <li>▪ PE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AP</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Completa textos escritos significativos, con coherencia, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AP</li> <li>▪ PE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Utiliza de xeito guiado as TIC para a elaboración guiada de textos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AP</li> </ul>

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Procedementos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AP</li> <li>▪ PE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.10. Aмосa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividade... ) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> <li>▪ AP</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.2. Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Inicia e remata as interaccións adecuadamente seguindo modelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AP</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> <li>▪ AP</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Procedementos de avaliación
vestimentas...		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AP</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Usa fórmulas dadas para preguntar e responder sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AP</li> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estrutura adecuadamente os elementos das oracións seguindo patróns dados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• AP</li> <li>• OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Diferenza preguntas e respostas moi simples.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AP</li> <li>▪ OD</li> </ul>

### **Clave dos procedementos de avaliación:**

Os procedementos de avaliación son os métodos empregados para a recollida de información sobre adquisición de Competencias Clave, dominio dos contidos e logro dos criterios.

**PE:** probas escritas (controis) e cuestionarios

**PO:** probas orais (lectura en voz alta, intercambios orais, dramatizacións...)

**OD:** observación directa (análise dos procedementos, destrezas e actitudes)

**AP:** análise das producións dos alumnos – fichas, libro de texto, cadernos, traballos individuais e/ou grupais...

### **Instrumentos de avaliación**

Os instrumentos de avaliación son os rexistros empregados polo profesorado para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado e que permiten xustificar a súa cualificación.

Os instrumentos a empregar na presente programación son os que seguen:

- Listas de cotexo.
- Controis orais e escritos.
- Rúbrica de actitude.

## **11 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA**

**O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus coñecementos previos.** Centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende. Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

**A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que

deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos en diferentes contextos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón de aprender a aprender, aprender a convivir e aprender a facer.

**As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe .** Por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

**Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes**, por iso é importante traballar con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan atopar actividades nas que poder aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando a autoestima persoal e atendendo á diversidade da aula tanto con actividades de reforzo como de ampliación.

**A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade .** Eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa o alumno/a, debendo iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

**Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.** Os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Estes erros corríxense ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo.

**A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.** O feito de ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea: a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral, fai que a aprendizaxe da lingua se relacione coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

**Unha aprendizaxe permanente.** Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida. Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente.

## **12 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR**

Ten un papel moi importante a incorporación das TIC no proceso de ensino - aprendizaxe, que proporciona diversos recursos materiais axustándose ás necesidades de cada momento:

- O propio método conta con libro dixital interactivo para a aula, e facilita aos alumnos códigos de acceso cos que ingresar a unha aplicación que facilita o repaso e reforzo de maneira lúdica, ao mesmo tempo que permite unha preparación ante a falta de habilidade dixital que acusou a contorna educativa o curso anterior. Esta práctica pode ser visualizada pola mestra na mesma aplicación.
- Procurarase o emprego da aula virtual para a elaboración de tarefas con carácter esporádico, que axude ao alumnado a familiarizarse con esa dinámica de traballo.
- Combinarase o uso do libro de texto do alumno con material de traballo en papel e dixital.

As aulas do centro están dotadas con ordenadores, proxector e conexión a Internet.

As sesións de Lingua Estranxeira, durante o presente curso, serán levadas a cabo nas propias aulas dos alumnos.

En canto ao material físico do alumnado, cada un dispón dun libro de texto, libro de actividades e libreto de reforzo da gramática de cada unidade didáctica. Contan tamén con material de reforzo e ampliación facilitado pola mestra.

## 13 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### 13.1 Criterios de cualificación presencial

Criterios de cualificación	Aspectos a avaliar
Observación directa – Actitude 20%	<ul style="list-style-type: none"><li>- Nivel de participación en lingua inglesa</li><li>- Capacidade de escoitar e deixar escoitar</li><li>- Respecto ao entorno social e físico</li><li>- Responsabilidade e interese na materia</li><li>- Limpeza dos traballos</li><li>- Finalización das tarefas</li></ul>

Probas 50%	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Probas orais</li> <li>- Probas escritas</li> </ul>
Traballos 30%	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Libros e cadernos</li> <li>- Fichas</li> <li>- Proxectos</li> <li>- Traballo individual</li> <li>- Traballo colaborativo</li> </ul>

### 13.2 Criterios de cualificación non presencial

Criterios de cualificación	Aspectos a avaliar
Probas 30%	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Probas orais</li> <li>- Probas escritas</li> </ul>
Traballos 70%	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fichas</li> <li>- Limpeza de traballos</li> <li>- Entrega das tarefas en tempo e forma</li> <li>- Nivel de interacción coa mestra</li> </ul>

### 13.3 Criterios de avaliación

Unha vez obtida a nota final do alumno na avaliación correspondente aplicarase o que indica o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 14 e ese resultado expresarase nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificación positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica sen decimais (se ao calcular a nota houberse decimais aproximaríase á unidade máis próxima), nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias: Insuficiente (1, 2, 3 ou 4); Suficiente (5), Ben (6), Notable (7 ou 8) e Sobresaliente (9 ou 10).



## 14 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os indicadores de logro e os elementos a avaliar con respecto á práctica docente poden ser:

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.	Non se adecúa ó contexto da aula.	Adecúase parcialmente ó contexto da aula.	Adecúase completamente ó contexto da aula.	
Plans de mellora.	Non se adoptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos.	Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tralos resultados académicos obtidos.	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	
Temas transversais.	Non se traballaron tódolos temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse tódolos temas transversais na materia.	
Programa de recuperación.	Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos.	Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Programas de mellora para a práctica docente.	Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente.	Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente.	Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.	

## 15 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, DE RECUPERACIÓN E DE AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Todo o alumnado de terceiro de Educación Primaria ten a materia de Inglés aprobada do curso anterior.

Ao longo do curso irase valorando a posibilidade de reforzar a aquel alumnado que o precise para poder superar a materia.

## 16 DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial faise para comprobar se foron alcanzados os obxectivos marcados nos cursos anteriores. Desta forma, componse dunha serie de exercicios cos que se valora a competencia acadada nas catro destrezas básicas: listening, speaking, reading e writing, baseada nos contidos dos cursos previos. O propio método propón un modelo de avaliación inicial, que pode ser modificado ou ampliado por parte da mestra que imparte a materia.

Este curso, a avaliación inicial consistiu na valoración dos coñecementos que se sabían impartidos durante o curso pasado, obviando os que non se impartiran de forma presencial, que serán integrados na presente programación.

## **17 MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

En función dos resultados obtidos na avaliación inicial, establécese o punto de partida do novo curso. Poderase facer un pequeno repaso e reforzo do que non se acadou, pero sí se impartiu antes de comezar co novo temario, no que se integrarán os contidos non impartidos. Se houbera unha destreza menos dominada, durante o presente curso reforzarase a través de actividades externas ao libro de texto.

## **18 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A atención á diversidade ven xustificada polo feito de que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino. Por esta razón, en moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que todos os alumnos poidan alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. Cómpre ter presente estas diferenzas non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Co fin de respectar os diferentes ritmos e características de aprendizaxe, empregaranse actividades de reforzo e ampliación, segundo o caso, co alumnado que así o precise. Farase reforzo pola mestra nos casos de presentar algunha dificultade nun campo concreto, como pode ser o atitudinal.

As posibles adaptacións curriculares, de xurdir, do alumnado que as precise, centraranse nos seguintes aspectos:

- 1 Tempo e ritmo de aprendizaxe

- 2 Metodoloxía máis personalizada
- 3 Reforzo das técnicas de aprendizaxe
- 4 Mellora dos procedementos, hábitos e actitudes
- 5 Aumento da atención orientadora
- 6 Enriquecemento curricular
- 7 Avaliacións adoptadas para as necesidades destes alumnos

**a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais:** facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados ás necesidades destes alumnos para permitirles alcanzar o seu máximo potencial. Evitarase na medida do posible caer na monotonía da elaboración de fichas para manter o seu interese.

**b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo:** adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con aproveitamento nos seus estudos.

**c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:** adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe importantes, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais.

## **19 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA**

Segundo o Decreto 105/2014, no seu artigo 11, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional serán traballadas en todas as

asignaturas. Estes aspectos serán introducidos nas diferentes unidades a través das historias centrais das mesmas, e no apartado “Tiger Street Tales” da última sesión de cada unidade.

## **20 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO**

Ao tratase este dun curso tan atípico, non se levarán a cabo actividades de achegamento á lingua estranxeira como o teatro en Inglés que se levaba organizando catro anos, aínda que sí se participará nas actividades, sempre seguindo cos criterios de seguridade e distancia social, que se propoñan dende os distintos equipos de dinamización do centro.

Por outra banda, dentro da aula levaranse a cabo as seguintes actividades:

- Conmemoración de distintas festividades propias da cultura británica.
- Conmemoración de distintas festividades propias da nosa cultura e da británica, facendo fincapé nas similitudes e diferencias: Christmas, Easter, Halloween...
- Colaborarase na conmemoración das datas fixadas polo calendario escolar.

## **21 MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Despois das avaliacións trimestrais, valoraranse as impresións obtidas, tanto acerca dos procesos como dos resultados. Este proceso será de utilidade para poder tomar medidas, flexibilizar e/ou modificar algún aspecto da presente programación. Teranse en conta os resultados dos alumnos, o cumprimento da temporalización, a comprensión dos contidos, e a propia práctica docente, que será avaliada

seguindo os parámetros do cadro seguinte. A escala de valoración vai do 1 ao 4, sendo o 4 o grado total de acordo con cada punto, e o 0 o total desacordo.

	1	2	3	4
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada avaliación.				
Adecuación dos mínimos esixibles para a superación da materia polo alumnado.				
Concreción dos elementos transversais.				
Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
Adecuación do libro de texto.				
Adecuación da proba de avaliación inicial.				
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.				
Adecuación das probas escritas, tendo en conta o valor de cada estándar.				
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con				

NEAE (de ser o caso).				
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

## 21.1 PROCESOS DE MELLORA

Tralo proceso de autoavaliación, definirase un plan de mellora vinculado aos indicadores que obtuveran puntuacións máis baixas. Sobre eses traballarase e modificarase a programación de cara ó vindeiro curso, ou de cara ao seguinte trimestre nos casos en que fora posible facelo.

## **PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN MUSICAL**

1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
2. ENSINANZAS TRANSVERSAIS
3. BLOQUES DE CONTIDOS
4. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
5. METODOLOXÍA
6. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
11. PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE
12. ACTUACIÓN DURANTE UN POSIBLE CONFINAMENTO



## 1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave do currículo da Educación Primaria son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

### **Referidas á competencia en comunicación lingüística:**

1. Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas) en lingua galega.
2. Aprender vocabulario e expresións locais en galego.

3. Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación

**Referidas á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**

1. Traballar a preescritura musical (concepto de liña e espazo).
2. Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática dos musicogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
3. Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
4. Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan ás cancións e danzas.

**Referidas á competencia dixital:**

Presentar os aparatos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasete, cd, reprodutores mp3, mp4 ...

Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos...

Empregar distintas fontes para a procura de información.

Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías.

Empregar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.

**Referidas ás competencias sociais e cívicas:**

1. Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
2. Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.

3. Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
4. Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros sen discriminar a ninguén.
5. Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
6. Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibición.

**Referidas á conciencia e expresións culturais:**

1. Percibir e comprender o mundo que os rodea cando escoitan sons da súa contorna, gozando da mesma e valorándoa.
2. Ter curiosidade cara as fontes sonoras dos instrumentos que manexan na escola e os que soan nas audicións de música culta.
3. Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
4. Valorar manifestacións culturais do folclore galego e doutras culturas.
5. Representar sons mediante expresión plástica.
6. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
7. escoitar, diferenciar e valorar os sons do medio no que viven.
8. Coñecer os instrumentos fixándose no material do corpo vibrante e na súa procedencia.
9. Expresar sentimentos e emocións dos códigos artísticos.

**Referidas á competencia para aprender a aprender:**

1. Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

2. Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros acadados por medio da autoavaliación.
3. Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas.
4. Ter curiosidade e interese na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
5. Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descrições dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
6. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.

**Referidas ao sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

1. Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
2. Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións e as coreografías.
3. Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas ás gabanzas e ánimos do profesorado.
4. Priorizar os obxectivos colectivos sobre os intereses persoais.
5. Superar as dificultades a través da constancia e do traballo diario.
6. Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.
7. Transmitir entusiasmo para acadar obxectivos.

## **2. ENSINANZAS TRANSVERSAIS**

- Empregar o corpo e o movemento como bases dun modo de comunicación entre distintas culturas.

- Valorar o patrimonio cultural galego.
- Apreciar a eficacia persoal nas actividades en grupo.
- Valorar e coidar os instrumentos empregados na clase.

Por tratarse esta dunha materia na que a maioría das actividades se desenvolven de xeito grupal, poremos especial atención nos seguintes:

- Fomentarase a **calidade, equidade e inclusión** educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade.
- Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a **igualdade efectiva entre homes e mulleres** e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia.
- Evitaranse os comportamentos, **estereotipos e contidos sexistas**, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

-

### 3. BLOQUES DE CONTIDOS

**Bloque 1. A escoita.** Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons que proceden do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.

- **Bloque 2. A interpretación musical.** O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.
  - **Bloque 3. A música, o movemento e a danza.** Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.
- 4. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**

- ÁREA	- EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		- CURSO	- TERCEIRO	
- Obxectivos	- Contidos	- Criterios de avaliación	- Estándares de aprendizaxe	- Competencias clave	- Grao mínimo para superar a materia
- BLOQUE 1. ESCOITA					
- j - d - o	- B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.  - B1.2. Asistencia a algunha	- B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	- EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.  - EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os	- CCL - CCEC  - CCL - CCEC	- Expresa o que sente ante a escoita musical.

- ÁREA	- EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		- CURSO	- TERCEIRO	
- Obxectivos	- Contidos	- Criterios de avaliación	- Estándares de aprendizaxe	- Competencias clave	- Grao mínimo para superar a materia
	representación musical. - B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras. - B1.4. Audición de obras musicais de distintas características e procedencias. - B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.		sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.  - EMB1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.  - EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.	- CSC  - CAA - CCEC	- Cumpre as normas na asistencia a concertos.  - Identifica sons do contexto e manifestacións artísticas propias.
- j	- B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. - B1.7. Acento e pulso.	- B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	- EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	- CCEC - CMCCT	
- j	- B1.8. Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte. - B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro).	- B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	- EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.  - EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a	- CCEC - CAA  - CCEC - CAA	- Distingue as voces masculinas, femininas e infantís, así como os principais tipos de agrupacións vocais e instrumentais.

- ÁREA	- EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		- CURSO	- TERCEIRO	
- Obxectivos	- Contidos	- Criterios de avaliación	- Estándares de aprendizaxe	- Competencias clave	- Grao mínimo para superar a materia
	- B1.10. Compases binarios e ternarios.		escoita de obras musicais.		
- j	- B1.11. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.	- B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	- EMB1.4.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.	- CCEC - CAA -	- Identifica a estrutura dunha peza musical.
			- EMB1.4.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	- CCEC - CAA - CCL	
- BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL					
- j - b	- B2.1. Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías. - B2.2. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións. - B2.4. Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración. - B2.5. Dobre barra e DC.	- B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	- EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras. - EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. - EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	- CCEC - CAA  - CCEC - CAA - CMCCT  - CCEC - CSC	- Le e interpreta cancións sinxelas vocalmente e coa flauta.



- ÁREA	- EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		- CURSO	- TERCEIRO	
- Obxectivos	- Contidos	- Criterios de avaliación	- Estándares de aprendizaxe	- Competencias clave	- Grao mínimo para superar a materia
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- B2.6. Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios.</li> <li>- B2.7. Ditados melódicos sinxelos.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>- EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Amosa interese por mellorar.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- j</li> <li>- b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- B2.8. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.</li> <li>- B2.9. Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mostra respecto</li> <li>- ante os seus compañeiros e compañeiras.</li> </ul>
- BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.</li> <li>-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- CCEC</li> <li>- CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-</li> </ul>

**TEMPORALIZACIÓN:** os tres bloques de contidos trabállanse conxuntamente ao longo do curso escolar.

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

	PROCEDEMENTOS		
I N S T R U M E N T O S	Escritos	Orais	Observación directa e sistemática
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.</li> <li>▪ Actividades de avaliación (fichas fotocopiabes, probas escritas individuais...)</li> <li>▪ Traballos de grupo na interpretación de pezas instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Preguntas individuais e en grupo.</li> <li>▪ Intervencións na clase.</li> <li>▪ Probas orais individuais</li> <li>▪ Postas en común.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Rexistros de incidencias</li> <li>▪ Ficha de rexistro individual do traballo na aula, participación, achega de material, etc.</li> <li>▪ Rexistro dos resultados das probas escritas e orais.</li> </ul>

### AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE

A observación directa e sistemática convértese nun elemento de primeira orde, permitíndonos realizar un seguimento continuo do proceso educativo, valorando e axustando a intervención en función dos datos obtidos, da reflexión persoal e o contraste de experiencias. Igualmente as entrevistas coas familias, o diario de aula, a análise dos produtos do traballo diario e as probas orais, de carácter prácticas e escritas permitirán recoller de xeito organizado información individual sobre o devandito proceso proporcionando datos globais e pautas de actuación con cada alumno.

A avaliación entendémola como continua, global, formativa e integradora e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas do currículo. Serán tidos en conta todos os elementos que compoñen o currículo.

Contemplamos a avaliación do seguintes xeito:

**Avaliación inicial:** achega datos o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e as características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada.

**Avaliación formativa:** concede importancia á evolución ao longo do proceso, indicando unha visión das dificultades e progresos de cada alumno/a.

**Avaliación sumativa:** establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos. Será **individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno partindo da súa situación inicial; **integradora**, para o que se contempla a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación; e **orientadora**, dado que achega ao alumnado a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias axeitadas.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. O 25% da cualificación corresponderase coa valoración dos seguintes aspectos: Actividades diarias: fichas, práctica instrumental e vocal individual ou colectiva...
2. O 25% da cualificación valorará o esforzo, a atención e o interese, así como o comportamento e o cumprimento das normas.
3. O 20% corresponderase co exame práctico de interpretación musical.
4. O 30% restante corresponderase co exame teórico escrito.
5. No caso de que o alumno acumule máis de tres faltas de material nun trimestre, non se terán en conta os porcentaxes anteriores e non aprobará a materia.

## **PROCEDIMIENTO PREVISTO NESTA PROGRAMACIÓN PARA INTEGRAR, ORGANIZAR E DESENVOLVER AS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR.**

Todos os contidos que se pretendían traballar en segundo foron traballados, pero polas circunstancias do terceiro trimestre do 19-20 falta reforzo e afianzamento neses contidos. Polo que se terá en conta no primeiro trimestre do curso actual, práctica habitual como xa se viña facendo nos cursos anteriores, comezar o curso repasando e afianzando os contidos aprendidos anteriormente.

## **5. METODOLOXÍA**

### **PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

De acordo co Decreto 105/2014, as Orientacións Metodolóxicas para a Educación Primaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, os principios metodolóxicos que sustentan o tratamento desta programación son o enfoque globalizador e a consecución dunha aprendizaxe significativa. O enfoque globalizador supón a busca de conexións entre os diferentes contidos que adquiren sentido ao saír dun lugar común: a experiencia real e directa dos nenos e nenas. A aprendizaxe significativa require que os nenos e nenas establezan relacións entre as súas experiencias previas e as novas aprendizaxes mediante actividades que teñan interese e sentido e partan da súa vida cotiá. É preciso, polo tanto, considerar como outro dos eixes claves o tratamento da diversidade. Isto deriva nun ensino verdadeiramente individualizado que atenda as diferenzas persoais, e polo tanto esta programación articula medidas para dar resposta ás particularidades do grupo: emprego dos materiais e instrumentos que máis se axusten ás súas

capacidades, diversificación de tarefas, creación e modificación de grupos de traballo cooperativo (ofrecendo modelos de agrupamento variados e flexibles), modificación dos tempos nas actividades e adaptación aos seus ritmos particulares.

Deste xeito, a metodoloxía a seguir é globalizada, **partindo da motivación, o interese e as inquietudes dos nenos e nenas**; activa, para permitirlle ao neno ser o axente da súa propia aprendizaxe a través da observación, experimentación, investigación e expresión; lúdica, xa que vai conducida a través do xogo; afectiva, a través dun clima de confianza e respecto para darlle ao alumnado seguridade e equilibrio necesarios para a formación e asentamento da estima en si mesmo; creativa, fomentando a autonomía e a produción propia; e participativa, socializada e comunicativa.

A Educación Musical é unha materia clave para conseguir unha boa interacción dos alumnos dentro do grupo-clase, polo seu carácter dinámico e grupal. Quérese dicir con isto que, na maior parte das actividades que se levan a cabo, a realización e o éxito individual pasa

forzosamente por colaborar e traballar na mesma dirección co resto do grupo, polo que o respecto e a axuda dos e aos demais vai ser unha constante dentro da aula. Empregaranse diversas metodoloxías de diferentes pedagogos musicais como son Orff, Kodaly, Willems, Wuytack, etc., polo que terase en conta a participación, a creatividade, a imaxinación e o carácter lúdico, características recollidas nas citadas metodoloxías.

## **6. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS**

No presente curso académico non é necesario falar de organización de espazos, xa que as clases de música levaranse a cabo na aula ordinaria dos alumnos, sendo o profesor o que se traslade de aula en aula.

## **7. MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS**

Na materia de música non utilizamos libro de texto, os materias escritos son elaborados polo profesor e entregados en fotocopias os alumnos. Neste curso escolar, onde as clases se levaran a cabo na aula ordinaria, os materiais a utilizar serán:

- Ordenador con autofalantes.
- Proxector
- Fruta (utilizarémola para aprender a dixitación, pero non soarán na aula)
- Guitarra
- Palillos chinos (para algún exercicio de percusión)
- CD
- Audicións, vídeos, e diferentes recursos de internet como complemento da actividade educativa

## **8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Terase en conta a atención a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos.

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR INDIVIDUALIZADA:** Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
- **COMPETENCIAS E INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...
- **PLANS INDIVIDUAIS** dirixidos a alumnos que os requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades específicas de apoio educativo e altas capacidades) con fichas de reforzo e/ou ampliación.
- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** Posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.
- **TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.**
- **LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.**

## **9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO**

Participarase activamente nas actividades propostas polo EDLG para desenvolver o plan de fomento do uso do galego. Nas diferentes conmemoracións participarase dende a aula de música dando maior peso ao repertorio musical tradicional galego.

## **10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Se a situación actual o permite, asistirase a concertos didácticos no Auditorio de Santiago de Compostela e no auditorio de Negreira, así como a outros que poidan xurdir ao longo do curso.

## **11. PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE**

Seguindo as directrices acordadas na Comisión de Coordinación Pedagóxica elaboráronse os documentos que seguen, co fin de avaliar a práctica docente e a propia programación, tendo en conta estes indicadores:

- As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- As medidas de atención á diversidade.
- A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos e os procedementos de avaliación do alumnado.
- A coordinación dos mestres e mestras do equipo docente.



**Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente**

Escala

(Indicadores de logro)	1	2	3	4
<b>Proceso de ensino:</b>				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.-Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
10.-Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.-Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.-Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
<b>Práctica docente:</b>	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				

4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

Avaliación da programación			
Obxectivos:	Si	Non	Propostas de Mellora
Chegamos a un acordo acerca dos obxectivos do curso?			
Están secuenciados con respecto ao nivel anterior?			

Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa?			
Fan referencia ás competencias coas que a nosa materia se relaciona?			
<b>Contidos:</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Están secuenciados con respecto aos previstos no nivel inferior?			
Explicítanse os mínimos exixibles para este nivel?			
Relacionáronse de forma natural cos temas de carácter transversal?			
Planificáronse as relacións dos contidos desta materia cos doutras materias que cursa o alumnado, para dotar de sentido global e funcionalidade ás aprendizaxes?			
<b>As competencias básicas:</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Foron traballadas a totalidade das competencias básicas.			
Empregáronse recursos para o desenvolvemento das competencias básicas.			
Consideráronse as competencias básicas un elemento organizador do proceso educativo.			
<b>No relativo á metodoloxía.</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Utilizáronse recursos pedagóxicos necesarios?			
Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores?			
Foron adecuados os espazos previstos?			
Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamentos nas actividades: gran grupo,			

pequenos grupos, parellas e individualmente?.			
<b>No relativo coa avaliación</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Fíxose unha avaliación inicial real e útil			
As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobre os progresos de cada alumno e alumna?			
Definíronse correctamente os criterios de cualificación.			
Deseñáronse actividades de recuperación para o alumnado que o precisou			
Realizouse un adecuado seguimento do alumnado.			
<b>No que se refire á atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo:</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en canto a elementos organizativos (espazos, tempos, materiais, agrupamentos)?			
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula e en canto a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación)?			

## 12. ACTUACIÓN DURANTE UN POSIBLE CONFINAMIENTO

No caso hipotético de outro confinamento , xa sexa de todo o cole ou de algunha aula específica, a materia de música podería seguir con total normalidade grazas á aula virtual, onde se subirán as fichas de elaboración propia que corresponda, ademais de un vídeo ou un arquivo sonoro explicativo do traballo para esa sesión, así como a corrección do traballo da semana anterior.

Manuel Sanmartín Malvárez.

CEIP “O Coto” Negreira

## **PROGRAMACIÓN DE RELIXIÓN CATÓLICA**

### **INDICE**

- **APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDOS NO CURSO ANTERIOR**
- **CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**
- **CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS, TEMPORALIZACIÓN E DEFINICIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS**
- **PESO DOS ESTÁNDARES NAS COMPETENCIAS CLAVE**
- **CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
- **EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO**
- **CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO**
- **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**
- **INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN E PRÁCTICA DOCENTE**
- **DESEÑO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**
- **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- **PARTICIPACIÓN DE PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS NO PROCESO EDUCATIVO**
- **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**
- **MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

## **- APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDOS NO CURSO ANTERIOR**

Considero que se adquiriron os mínimos imprescindibles no curso 19-20.

No curso 20-21, nas primeiras semanas de presencialidade iranse observando as posibles dificultades ou necesidades, fundamentalmente no aspecto socializador, de relación, emocional, actitudinal, e que atendendo ao protocolo Covid-19 neste curso 20-21 abordaremos cos cambios e modificacións necesarias.

## **. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

Na área de Relixión Católica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

Esta área posibilitáanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.



- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
  - Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
  - Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

## **Comunicación lingüística**

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

## **Competencia dixital**

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### **Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida...

O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural no ámbito mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### **Competencias sociais e cívicas**

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores para fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autocoñecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Será dotado de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non ven.

### **Aprender a aprender**

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

### **Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica**

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- Dimensión cultural e histórica. Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades recibe do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- Dimensión ético-moral. Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- Dimensión humanizadora. Faculta o alumno para dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- Dimensión epistemolóxica. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e cunha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

## CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS, TEMPORALIZACIÓN E DEFINICIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS

4º CURSO-RELIXIÓN CATÓLICA				
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES AVALIABLES	CCBB	INST. EVAL.
<b>BLOQUE 1. Sentido relixioso do home</b>				
<p>A experiencia de pecado nos relatos das relixións antigas.</p> <p>O perdón como necesidade do ser humano.</p>	1. Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.	1.1 Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.	CE C CL CSC	TCL
		1.2 Cualifica o tipo de pecado en situacións da súa contorna e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.	CE C CL CSC	TCL
	2. Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.	2.1 Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.	CEC CSC	OD

<b>BLOQUE 2. A revelación: Deus intervén na historia</b>				
O relato do pecado orixinal: o home quere suplantar a Deus.  Deus está sempre disposto ao perdón.	1. Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.	1.1 Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaa a situacións actuais.	CL CSC	EO
		1.2 Lembra e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.	AA CSC	TCL
Infidelidade a a misión encomendada por Deus en a historia de David.	2. Coñecer as características do perdón de Deus.	2.1 Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.	CL CSC	TCL
David sente na súa vida a necesidade de redención.	3. Memorizar momentos da historia de David nos que abusa da misión encomendada por Deus.	3.1 Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.	CL CSC	TCL
Deus fiel promete un Mesías.	4. Descubrir e valorar a razón pola que David sente a necesidade de redención.	4.1 Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.	CL CSC	TCL
		4.2 Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de David nas que Divos perdóalle. Mostra respecto polas intervencións dos seus compañeiros.	CE C CS C	TCL
	5. Aprender e lembrar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías.	5.1 Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.	CEC CSC	OD

<b>BLOQUE 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación</b>				
O perdón de Deus: accións e parábolas de Xesús.	1. Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.	1.1 Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.	CL CSC	OD
Amizade e preferencia de Xesús polos máis débiles e necesitados.	2. Memorizar algunhas das accións onde Xesús concede o perdón.	2.1 Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas.	CD CEC	EO
Jesús cumpre a vontade do Pai: paixón e morte de Xesús.	3. Recoñecer a iniciativa de Jesús polos máis necesitados e os enfermos.	3.1 Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evangélicos.	CL CSC	OD
	4. Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está a cumprir a vontade do Pai.	4.1 Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Jesús que expresan a súa relación co Pai.	CE C CL CSC	OD
		4.2 Distingue e explica frases do relato da oración do Horto das Oliveiras que expresan a obediencia de Xesús ao Pai.	CL CSC	EO

<b>BLOQUE 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa</b>				
O sacramento da Reconciliación.	1. Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Divos concede o perdón.	1.1 Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.	CSC	EO
A celebración da Eucaristía.		1.2 Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.	CE C CS C	TCL
A Coresma: tempo penitencial.	2. Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.	2.1 Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.	CE C CS C	OD
	3. Coñecer trazos da Coresma como tempo penitencial.	3.1 Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial.	CD CEC SIEE	TCL



<b>4º CURSO - PRIMEIRO TRIMESTRE</b>				
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES AVALIABLES</b>	<b>CCBB</b>	<b>INST. EVAL.</b>
<b>Unidade Formativa 1- As RELIXIÓNS ANTIGAS : O PECADO</b>		<b>Temporalización: 21/9 - 23/10</b>	<b>Sesións: 5</b>	
<p><i>BLOQUE 1. O sentido relixioso do home</i></p> <p>A experiencia de pecado nos relatos das relixións antigas.</p> <p>O perdón como necesidade do ser humano.</p>	<p>1. Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.</p> <p>2. Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.</p>	<p>1.1 Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.</p> <p>1.2 Cualifica o tipo de pecado en situacións da súa contorna e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.</p> <p>2.1 Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.</p>	<p>CE C CL CS C</p> <p>CE C CL CS C</p> <p>CE C CS C</p>	<p>TCL</p> <p>TCL</p> <p>OD</p>

<b>Unidade Formativa 2- ANTEPASADOS DE JESUS: A HISTORIA DE DAVID</b>				
<b>Temporalización: 26/10 - 13/11</b>			<b>Sesiões: 3</b>	
<i>BLOQUE 2. A revelación: Deus intervén na historia</i>	3. Memorizar momentos da historia de David nos que abusa da misión encomendada por Deus.	3.1 Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.	CL CSC	TCL
Infidelidade á misión encomendada por Deus na historia de David.	4. Descubrir e valorar a razón pola que David sente a necesidade de redención.	4.1 Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.	CL CSC	TCL
David sente na súa vida a necesidade de redención.		4.2 Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de David nas que Divos perdóalle. Mostra respecto polas intervencións dos seus compañeiros.	CE C CS C	TCL
<b>Unidade Formativa 3- NADAL: A CHEGADA DO MESIAS</b>				
<b>Temporalización: 16/11 - 26/11</b>			<b>Sesiões: 2</b>	
<i>BLOQUE 2. A revelación: Deus intervén na historia</i>	5. Aprender e lembrar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías.	5.1 Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.	CE C CS C	OD
Deus fiel promete un Mesías.				

4º CURSO - SEGUNDO TRIMESTRE				
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES AVALIABLES	CCBB	INST. EVAL.
<b>Unidade Formativa 4- O PERDON EN JESUS</b>		<b>Temporalización: 11/1 - 29/1</b>		<b>Sesiós: 3</b>
<i>BLOQUE 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación</i>	1. Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.	1.1 Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.	CL CSC	OD
O perdón de Deus: accións e parábolas de Jesús.	2. Memorizar algunhas das accións onde Jesús concede o perdón.	2.1 Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas.	CD CE C	EO
Amizade e preferencia de Jesús polos máis débiles e necesitados.	3. Recoñecer a iniciativa de Jesús polos máis necesitados e os enfermos.	3.1 Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Jesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evangélicos.	CL CSC	OD
<b>Unidade Formativa 5- A CORESMA</b>		<b>Temporalización: 1/2 - 19/2</b>		<b>Sesiós: 3</b>
<i>BLOQUE 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa</i>	3. Coñecer trazos da Coresma como tempo penitencial.	3.1 Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial.	CD CE C SIE E	TCL
A Coresma: tempo penitencial.				

<b>Unidade Formativa 6- PASION, MORTE E RESURRECCION DE JESUS</b>				
<b>Temporalización: 22/2 - 5/3</b>			<b>Sesiões: 2</b>	
<p><i>BLOQUE 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación</i></p> <p>Jesús cumpre a vontade do Pai: paixón e morte de Jesús.</p>	<p>4. Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Jesús está a cumprir a vontade do Pai.</p>	<p>4.1 Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Jesús que expresan a súa relación co Pai.</p>	<p>CE C CL CSC</p>	<p>O D</p>
		<p>4.2 Distingue e explica frases do relato da oración do Horto das Oliveiras que expresan a obediencia de Jesús ao Pai.</p>	<p>CL CSC</p>	<p>EO</p>

### 4º CURSO - TERCEIRO TRIMESTRE

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES AVALIABLES	CCB B	INST. EVAL.
<b>Unidade Formativa 7- O PERDON DE DEUS</b>				
<b>Temporalización: 06/4 - 30/4</b>			<b>Sesiões: 4</b>	
<p><i>BLOQUE 2. A revelación: Deus intervén na historia</i></p> <p>O relato do pecado orixinal: o home quere suplantar a Deus.</p> <p>Deus está sempre disposto ao perdón.</p>	<p>1. Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.</p>	<p>1.1 Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaa a situacións actuais.</p>	<p>CL CSC</p>	<p>EO</p>
		<p>1.2 Lembra e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.</p>	<p>AA CSC</p>	<p>TCL</p>
	<p>2. Coñecer as características do perdón de Deus.</p>	<p>2.1 Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.</p>	<p>CL CSC</p>	<p>TCL</p>

<b>Unidade Formativa 8- O SACRAMENTO DO PERDON</b>		<b>Temporalización: 3/5 - 4/6</b>	<b>Sesiões: 5</b>
<p><i>BLOQUE 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa</i></p> <p>O sacramento da Reconciliación.</p>	<p>1. Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Divos concede o perdón.</p>	<p>1.1 Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.</p>	<p>CSC</p> <p>EO</p>
		<p>1.2 Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.</p>	<p>CE</p> <p>C</p> <p>CS</p> <p>C</p>
<p>A celebración da Eucaristía.</p>	<p>2. Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.</p>	<p>2.1 Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.</p>	<p>CE</p> <p>C</p> <p>CS</p> <p>C</p> <p>OD</p>

➤ Os ESTANDARES SOMBREADOS SON Os BÁSICOS

<b>Competencias Básicas:</b>		<b>Instrumentos de Avaliación:</b>
<p><b>CL</b> - Competencia Lingüística</p> <p><b>CD</b> - Competencia Dixital</p>	<p><b>CEC</b> - Conciencia e expresións Culturais</p> <p><b>AAP</b>- Aprender a aprender</p>	<p><b>PE</b> - Proba Escrita</p> <p><b>TCL</b> - Traballo de Clase</p> <p><b>TC</b> - Traballo de Casa</p>
<p><b>CSC</b> - Competencias Sociais e Cívicas</p> <p><b>CMCT</b> - Competencia Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía</p>	<p><b>SIEE</b> - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</p>	<p><b>OD</b> - Observación Directa</p> <p><b>EO</b>- Exposición Oral</p>

**5- PESO DOS ESTÁNDARES NAS COMPETENCIAS CLAVE.**

ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	
<b>ESTÁNDARES DO 1º TRIMESTRE</b>			
1.2 Califica o tipo de pecado en situacións da súa contorna e comparas coas encontradas nos relatos das relixións antigas.	CEC CL CSC	TCL	20%
2.1 Recorda e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan do perdón.	CEC CSC	OD	25%
3.1 Identifica e describe comportamentos da vida do rey David que se opoñen a vontade de Deus.	CL CSC	TCL	25%
4.1 Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.	CL CSC	TCL	30%
		<u>Total.....</u>	100%
<b>ESTÁNDARES DO 2º TRIMESTRE</b>			
1.1 Analiza, comenta e crea relatos donde actualiza as parábolas do Fillo pródigo e do fariseo e o republicano.	CL- CSC	OD	30%
4.1 Secuencia ordeadamente esceas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.	CEC -CL- CSC	OD	40%
4.2 Distingue e explica frases do relato da oración do Horto dos Olivos que expresan a obediencia de Xesús O Pai.	CL- CSC	EO	30%
		<u>Total.....</u>	100%

ESTÁNDARES DO 3º TRIMESTRE			
1.2 Recorda e narra acontecementos actuais nos que se rechaza a amizade con Deus.	AA CSC	TCL	30%
2.1 Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.	CL CSC	TCL	40%
1.2 Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.	CEC CSC	TCL	30%
<b>Total.....</b>			<b>100%</b>

Competencias Básicas:	Instrumentos de Avaliación:
<b>CL</b> - Competencia Lingüística <b>CD</b> - Competencia Dixital <b>AAP</b> - Aprender a aprender <b>CMCT</b> - Competencia Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía	<b>PE</b> - Proba Escrita <b>TCL</b> - Traballo de Aula <b>TC</b> - Traballo da Casa
<b>CEC</b> - Conciencia e Expresións Culturais <b>CSC</b> - Competencias Sociais e Cívicas <b>SIEE</b> - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	<b>OD</b> - Observación Directa <b>EO</b> - Exposición Oral

## **CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA**

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Relixión Católica:

Os alumnos deben comprender a mensaxe cristiá, o cal fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicas e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquiera as competencias adecuadas á súa idade e ao tempo de cada etapa.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e á dos outros.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que cómpre realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos iníciáanse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no máis profundo do ser; o alumno vai descubríndoa nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e a humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación e, de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia, e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.



## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS	CRITERIOS DE CORRECCIÓN
Observación directa de cadernos e traballo diario.	· Rexistro anecdótico.	Recóllese o feito do que nos interese que quede constancia.
	Listas de cotexo.	Estableceranse distintos niveis cualitativos para cada indicador: si /non; sempre /habitualmente /ás veces /rara vez; si /non /parcialmente...
	Escalas de valoración.	
· Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.	· Probas e intervencións orais ao longo de cada unidade didáctica. · Lecturas. · Escalas de valoración.	Para avalialas seguirase diferentes escalas nas que cada resposta ou indicador valorarase con tres niveis cualitativos: correcta / incompleta / incorrecta.
	· Probas escritas de composición ou resposta aberta. · Rúbrica.	Para avalialas seguirase unha rúbrica na que se estableza unha escala cuantitativa de catro niveis para cada indicador ou criterio.
	· Probas obxectivas de resposta breve, de resposta alternativa, de emparellamento ou asociación, de elección múltiple, de enumeración, de identificación con imaxes, de ordenamento espacial ou temporal. · Cuestionarios, tests. · Ficha rexistro dos logros do alumno.	Cada resposta valorarase cunha graduación entre 1 punto e 0 puntos segundo estea completa, omite elementos esenciais ou sexa incorrecta; ou ben, (no caso das de resposta alternativa, emparellamento ou elección múltiple) con 1 punto ou 0 puntos segundo sexa correcta ou incorrecta.
· Análise e valoración de proxectos · Exposición oral dos proxectos	Portafolios. · Rúbricas. · Ficha rexistro dos logros do alumno.	Deseñarase unha rúbrica na que se estableza unha escala cuantitativa de catro niveis para cada indicador ou criterio.
· Observación directa de actitudes (interese, responsabilidade, esforzo, comportamento).	Escala de apreciación.	Estableceranse distintos niveis cualitativos para cada indicador ou criterio:sempres/habitualmente/as veces/rara vez

· Debates e intervencións.	Escalas de apreciación.	Estableceranse distintos niveis cualitativos para cada indicador ou criterio: moi ben/ ben/ suficiente/insuficiente
· Intercambio de información entre profesores.	Xuntas do equipo docente de nivel. · Xuntas de avaliación trimestrais.	Tras o intercambio de información, recolleranse os resultados no boletín informativo sobre a evolución do alumno e actas de avaliación.

## EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe consistente fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución do alumno; pode pautarse a recollida de evidencias ou deixar que o alumno seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades atopadas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou formato dixital. No anexo de avaliación preséntase un posible guión para a súa realización. As evidencias que podemos recoller na área de Relixión Católica poden ser:

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

## CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

ÁREA	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	%
